Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL

ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA SOBRE A APROBACIÓN DUN REGULAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento para a implantación do Sistema Interno de Información da Deputación da Coruña, procédese a apertura dun período de consulta pública por un prazo de 10 días hábiles co obxecto de recoller a opinión dos suxeitos e as organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
c) Os obxectivos da norma.
d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No Departamento de Control Financeiro están a disposición de quen poida interesar os antecedentes precisos para que poidan pronunciarse ao respecto, significando que o inicio do dito prazo de 10 días hábiles terá lugar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Portal de Transparencia da Deputación da Coruña.